

PROPOSICIÓN SOBRE O PAGAMENTO DOS SERVIZOS SEN CONTRATO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, veñen sendo numerosos os servizos que se prestan sen soporte xurídico contractual, situación que da lugar aos xa habituais recoñecementos extraxudiciais de crédito; isto é: o Goberno local recoñece que, malia non existir contrato, unha empresa efectuou as prestacións obxecto de facturación, entende que a falta de pagamento implicaría un enriquecemento inxusto da administración e recoñece a obriga de pagar.

Porén, a Intervención Municipal ademais de entender, literalmente, que “o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura excepcional que debería utilizarse en casos moi concretos e non como unha solución procedimental máis en casos de incumprimento da normativa de contratación”, entende tamén, literalmente, que “o recoñecemento de obrigas pola vía de alegación ao principio de enriquecemento inxusto esixe a súa invocación expresa e a consecuente formación dun procedemento cal é a determinación da ‘indemnización’ procedente en todo caso, pero que en ningún caso pode incluír beneficio industrial, tal e como ben se admite pola xurisprudencia con reiteración”


Tal criterio ten unha enorme relevancia para a Facenda Pública Local e, xa que logo, para os contribuíntes, a pouco que se considere o importe de determinadas prestacións que se facturan ao Concello sen soporte contractual. Consonte a esa criterio da Intervención Municipal, no que vai de mandato as cantidades aboadas ou pendentes de aboar -en exceso- a diversas empresas superaría os varios centos de miles de euros.

A vista do exposto, o Grupo Municipal Popular proponlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO


O Pleno do Concello de Santiago insta a o correspondente órgano de goberno a que:

1.- Antes de proceder a efectuar novos recoñecementos extraxudiciais de crédito, cuantifique a “indemnización” que corresponda pola prestación efectuada, nos termos empregados pola Intervención municipal nos seus informes e, polo tanto, cumpra co que o citado órgano sinala.



2.- Con carácter urgente, solicite do secretario xeral do Pleno informe sobre o alcance do informe da Intervención municipal en relación coas posibilidades de iniciar os procedementos que correspondese tramitar a fin de que o Concello poida reclamar as cantidades pagadas en exceso, no seu caso, a empresas que realizaron prestacións sen contrato en vigor.

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2018



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular